

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (**COGAMI**), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO INNOVADOR PARA A PROMOCION DA AUTONOMIA PERSOAL MEDIANTE UN PLAN INTEGRAL DE ACTUACIONS SOBRE A PERSOA CON DISCAPACIDADE EN SITUACION DE DEPENDENCIA DENDE A IDADE TEMPERA.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

REUNIDOS


Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, nomeado polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don Ramón Sestayo Lestón, con DNI 78784627J que actúa en nome e representación da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI), con CIF G32115941, en virtude da súa condición de vicepresidente, de acordo co nomeamento outorgado o 23 de maio do 2015 en uso das facultades que lle veñen atribuídas segundo o poder notarial outorgado perante o Notario José Manuel Amigo Vázquez na data do 9 de xuño de 2016 co nº 1361/2016 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas,



EXPOÑEN


I. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

II. Que a Consellería de Política Social conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías de Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde exercer as competencias en materia de servizos sociais propoñendo e executando as directrices xerais do Goberno da Xunta de Galicia en materia de na promoción da autonomía persoal e da atención ao colectivo de persoas con discapacidade.

III. Que no marco deste eido competencial e a proposta da Consellería de Política Social, o Consello da Xunta de Galicia aprobou ou 5 de novembro de 2015 a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 (en adiante ESGADI) como instrumento de planificación e mellora das actuacións a desenvolver en favor das persoas con discapacidade, na que se inclúe dentro do seu obxectivo operativo 3.8 potenciar a innovación, a investigación e as boas prácticas en materia de discapacidade e de atención educativa á diversidade, e os obxectivos operativos que incorpora o obxectivo estratéxico 2 da autonomía persoal, para potenciar o desenvolvemento persoal xerando as condicións favorables para unha participación autónoma en todos os ámbitos.

Que de acordo coa Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, Horizonte 2020 identifícase como posible actuacións á busca de vangarda e a implantación de innovacións importantes en relación coa promoción da autonomía persoal e a prevención e detección precoz das situacións de dependencia, así como co atraso do agravamento de enfermidades ou discapacidades e das súas secuelas.

IV. IV. Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI) é a entidade de referencia no eido da discapacidade física en Galicia, membro da Confederación Española de persoas con discapacidade física e orgánica (COCEMFE), e á súa vez, membro fundador do Comité de Entidades Representantes de persoas con discapacidade de Galicia (CERMI-GALICIA).




V. Que a entidade COGAMI foi declarada de utilidade pública e figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0154, tendo como misión a de conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

VI. Que co fin de impulsar boas prácticas na atención das persoas con discapacidade física, a Xunta de Galicia en colaboración con COGAMI, promoveron o proxecto do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI), proxecto que ten como obxectivo mellorar e posibilitar a inclusión das persoas con discapacidade física, prioritariamente daquelas con dependencia severa, ou que precisen axuda de terceira persoa, así como as adaptacións tecnolóxicas de apoio para o desenvolvemento normalizado das actividades destas persoas na súa vida diaria.

Como resultado da antedita colaboración, nas convocatorias correspondentes aos anos 2004 e 2006 acadáronse sendas aprobacións para o desenvolvemento dos proxectos pertencentes a iniciativa Comunitaria INTERREG IIIA, na que participaron a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral do Benestar, COGAMI e o Centro de Reabilitación Profesional de Gaia (CRPG) como socios do proxecto.

VII. Que de acordo á ESGADI, ambas entidades están interesadas no desenvolvemento dun proxecto innovador consistente nun plan integral de actuacións sobre as persoas con discapacidade en situación de dependencia dende a idade temperá cuxos resultados, unha vez validados, poderán servir de referencia para a implementación ou mellora dos servizos a incluír na futura carteira de servizos comúns de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal para o colectivo de persoas con discapacidade.

Que dita intervención está en liña coas previsións da Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade abordando varios aspectos de cara a promoción do pleno exercicio de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas con discapacidade sen discriminación algunha por motivos de discapacidade, para lograr a súa máxima autonomía persoal na comunidade, posibilitar o exercicio do seu poder de decisión sobre a súa propia existencia e participar activamente na vida da súa comunidade, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade, e tendo en conta todo o ciclo vital sendo a persoa con discapacidade como protagonista



VIII. Que polas singulares características desta experiencia, estímase que o edificio do CEGADI resulta ser o emprazamento óptimo para a súa execución, resultando que a entidade COGAMI, na súa calidade de socio dos proxectos CEGADI e COMUNIDADE CEGADI 06 financiados pola iniciativa comunitaria Interreg III A España-Portugal, resulta ser a entidade idónea para dotar ao proxecto da dimensión axeitada, xa que logo é a entidade de referencia en Galicia do colectivo ao que van dirixidas as actuacións obxecto do proxecto.

En consecuencia existindo razóns que acreditan o interese social da participación de COGAMI na experiencia, conclúese que concorren circunstancias que xustifican a elección directa desta entidade para a celebración dun convenio de colaboración ao abeiro do establecido polo artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, que prevé a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas por razóns de interese público, debidamente xustificadas.

Neste contexto, o proxecto para a promoción da autonomía persoal ten un contido innovador que non é exactamente encadrable en ningún dos servizos actuais, supoñendo unha oportunidade empregar esta ferramenta que permitirá obter resultados transferibles ao desenvolvemento da carteira de servizos para a promoción da autonomía persoal.

En virtude do exposto, e recoñecéndose ambas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS


PRIMEIRA: Obxecto, finalidade e ámbito de actuación.

Un.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento dun proxecto innovador consistente nun plan integral de actuacións para a promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade en situación de dependencia dende a idade temperá que se executará de acordo ao programa de actuación previsto na cláusula segunda deste convenio e cuxos resultados, unha vez validados, poderán servir de referencia para o desenvolvemento da carteira de servizos comúns de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal para o colectivo de persoas con discapacidade.

Dous.-Finalidade

A finalidade da actuación é a de contribuir a que as persoas con discapacidade obteñan as



habilidades e capacidades necesarias para dispoñer dunha vida autónoma, atendendo á súa situación particular e ao seu entorno.

Tres.- Ambito de actuación.

A presente actuación encádrase dentro do programa de actuacións a desenvolver no CEGADI e se executara nas áreas do centro descritas na cláusula segunda.

SEGUNDA: Programa de actuación



O proxecto consistirá no desenvolvemento do conxunto de intervencións que se detallan a continuación, cuxa finalidade é axudar a unha persoa con discapacidade en situación de dependencia a conseguir o máis completo potencial físico, psicolóxico, persoal e social, compatible coa súa deficiencia fisiolóxica ou anatómica e as limitacións do medio e en consonancia cos seus desexos e plan de vida. O conxunto de accións que se formulan están baseadas na identificación das áreas de apoio dunha persoa con discapacidade, entendendo as áreas de apoio como os escenarios significativos da vida de calquera persoa nas cales, cada individuo pode requirir distintos niveis de intensidade de apoio para manexarse no seu entorno e participar no mesmo.

As accións fórmulanse para as persoas desde a idade temperá de cara a promover ao máximo as súas capacidades e habilidades funcionais, contribuíndo no avance físico, cognitivo, de comunicación e linguaxe co obxecto de conseguir a maior independencia e autonomía posible nas actividades da vida cotiá.

A experiencia proporcionará aos participantes un catálogo de recursos/actuacións (procedementos/terapias de habilitación e mantemento funcional e psicosocial para a vida autónoma e actuacións para o desenvolvemento persoal e social) dos que poderán facer uso, de acordo ás súas capacidades, necesidades e expectativas e segundo ao plan de apoios individualizados que se deseñe

O proceso de toma de decisións sobre o mencionado plan será liderado pola propia persoa co apoio do equipo de profesionais que analizarán as capacidades, necesidades e expectativas das persoas obxecto de actuación e deseñarán un plan de actuacións integral co obxecto de conseguir o maior grado posible de autonomía persoal e social da persoa en situación de dependencia.

Contribuírase con achegas individualizadas para acadar resultados persoais valorados revisados unha vez cada 6 meses e avaliado ao final dos 12 meses de traballo coa persoa e se actuará dende as seguintes áreas:



Un.- Habilitación e mantemento funcional e psicosocial para a vida autónoma

Os procedementos e técnicas a aplicar están orientadas a mellorar a calidade e a eficacia dos movementos, o control postural, o avance da marcha, a estabilidade e a diminución da sintomatoloxía clínica propia da persoa con discapacidade adulta ou infante con discapacidade con diversos perfís a través dun plan de tratamento individualizado. As principais técnicas e procedementos que se van desenvolver son:

1. Procedementos e técnicas de fisioterapia innovadoras empregando as novas tecnoloxías, a terapia acuática e equipamentos punteiros.
2. Procedementos e técnicas de terapia ocupacional innovadoras empregando as novas tecnoloxías e salas de integración sensorial e psicomotricidade e de estimulación multisensorial.
3. Procedementos e técnicas de logopedia innovadoras de cara a tratar problemáticas tales como alteracións de voz, fala e linguaxe, afasias, problemas de afasias, de disfasia e deglución, problemas de articulación e expresión oral...
4. Procedementos e técnicas da neuropsicoloxía innovadoras de cara a rehabilitar as funcións cognitivas afectadas tras unha alteración do sistema nervioso central.

Areas onde se efectuarán as intervencións descritas:

Planta baixa : Area de Habilitación e mantemento funcional

Dous.- Desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade en situación de dependencia



Ademais das actuacións necesarias con respecto á habilitación e mantemento funcional e psicosocial das persoas participantes na experiencia no seu plan integral de actuacións contarán cos recursos e apoios que poidan necesitar de cara a favorecer a súa transición á vida activa e a súa participación plena na sociedade e polo tanto de cara a promover o máximo posible a súa autonomía persoal e social.

Efectuaranse as seguintes intervencións, en función das súas necesidades,

1. Información, asesoramento e orientación

Proporcionarase información as persoas con discapacidade en situación de dependencia, ás familias e ás entidades públicas e privadas vinculadas ao sector social, en todo aquilo relacionado coa discapacidade.

2. Intervencións en materia de accesibilidade e axudas técnicas



O obxectivo é contribuír ao deseño universal e incrementar a autonomía e capacidade da persoa con discapacidade en situación de dependencia, particularmente efectuaranse intervencións en materia de:

- a. Asesoramento xeral en materia de accesibilidade e axudas técnicas.
- b. Elaboración de proxectos para adaptación da vivenda e o posto de traballo.
- c. Elaboración de plans de Accesibilidade xestionados polas Administracións Públicas.
- d. Divulgación e formación en materia de deseño universal e supresión de barreiras.

3. Intermediación laboral

A finalidade da intervención é contribuír a conseguir a inclusión das persoas con discapacidade en situación de dependencia a través do emprego mediante a realización de entrevistas ocupacionais, orientacións laborais, visitas a empresas obradoiros de técnicas de busca de emprego e a xestión de ofertas de emprego.

4. Formación

O obxectivo é contribuír a que as persoas con discapacidade en situación de dependencia adquiran as competencias necesarias para o seu desenvolvemento profesional a través dunha formación adaptada ás súas capacidades.



5. Intervención social.

O obxectivo é contribuír a promoción da igualdade e á normalización das persoas con discapacidade en situación de dependencia mediante o traballo e apoio social as persoas con discapacidade en situación de dependencia, a nivel individual e persoal o apoio social as familias e a comunidade, coordinando e colaborando con entidades e profesionais.

6. Actividades de apoio técnico, económico e institucional ás persoas con discapacidade en situación de dependencia que queiran por en marcha asociacións

Proporcionarase apoio a redacción de estatutos, negociación con administracións públicas, xestións para centros e confección de solicitudes, posta en marcha de novas asociacións., xestión de proxectos relacionados con formación e emprego, dinamización asociativa, igualdade de xénero, afectividade, muller con discapacidade, promoción da autonomía persoal, voluntariado e lecer, etc.

7. Actividades de promoción do emprendemento social



Información e asesoramento sobre o emprendemento social, especialmente dende o punto de vista da creación de emprego para as persoas con discapacidade en situación de dependencia prestando apoio, entre outras no desenvolvemento das seguintes tarefas:

- a. Análise da idea.
- b. Diagnóstico do proxecto e identificación de necesidades.
- c. Elaboración do plan de empresa e do plan financeiro e busca de financiamento.
- d. Trámites de constitución.
- e. Apoio na elaboración e seguimento dun plan operativo e dun plan estratéxico.
- f. Identificación, deseño e implementación de proxectos de emprendemento social a nivel europeo.
- g. Deseño e execución de proxectos para a implantación da dimensión da discapacidade nos plans de responsabilidade social corporativa das organizacións.
- h. Identificación, deseño e implementación de proxectos de valor compartido co sector empresarial con obxecto de incrementar o valor social e medioambiental das organizacións.

Areas onde se efectuarán as intervencións descritas:

Planta Baixa e planta segunda : Area de actuacións para o desenvolvemento persoal e social

TERCEIRA: Medios materiais e persoais necesarios para a execución do proxecto.



Un.- Medios materiais e técnicos que achega a administración

1.- A execución deste proxecto realizarase na superficie delimitada no ANEXO I a este convenio: Plano das superficies do Edificio Centro Galego de Desenvolvemento Integral para persoas con discapacidade (CEGADI) situado na rúa Queixume dos Pinos, 2 (Polígono de Salgueiriños) - 15781 Santiago de Compostela obxecto da autorización.

A Consellería de Política Social impulsará as actuacións necesarias para dotar a COGAMI do correspondente título de autorización de uso.

2.- A Consellería de Política Social prestará o asesoramento técnico necesario para o desenvolvemento do obxecto do convenio.

3.-Para a execución do presente convenio achega o equipamento mobiliario e informático



necesario para garantir o desenvolvemento do proxecto nas condicións axeitadas.

Dous.- Medios que achega COGAMI

1.- Para levar a cabo as actividades previstas na cláusula segunda deste convenio, COGAMI aportará unha equipa multidisciplinar formada por un investigador ou profesional con formación investigadora que desenvolva a metodoloxía a empregar, tres fisioterapeutas, dous terapeutas ocupacionais, un traballador social a media xornada, un logopeda, un psicólogo/pedagogo/logopeda, un neuropsicólogo, un profesional de INEF (actividade física e deportiva) , dous monitores (Persoal de apoio) , tres coidadores, un experto en accesibilidade, un experto en intermediación laboral, un experto en emprendemento social, un formador así como o persoal de xestión e de servizos básicos necesario para garantir o adecuado desenvolvemento da experiencia.

2.- Para financiar o persoal referido no anterior apartado, COGAMI contará co orzamento de 2.091.301,12 € establecido ANEXO II de este convenio; **Detalle de gastos do proxecto: 1.- Persoal** .O importe deste apartado do proxecto, ten unha anualidade media de 522.825,28 €

3.- Gastos xerais. Inclúense neste apartado os gastos de operación necesarios para a execución do proxecto entre os que se detalla o mantemento do vaso terapéutico e as subministracións que COGAMI atenderá con cargo ao orzamento de 591.869,16 € establecido ANEXO II de este convenio; **Detalle de gastos do proxecto: 2.-Gastos Xerais.**

O importe deste apartado do proxecto, ten unha anualidade media de 147.967,29 €


No suposto de que para o desenvolvemento do proxecto COGAMI precisara da adaptación das instalacións de electricidade, datos, climatización e calefacción, deberá presentar o proxecto e acadar a autorización do departamento competente de conformidade co establecido na resolución de autorización de uso dos espazos.

Tres.- Obrigas laborais e sociais

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

En ningún caso, o outorgamento dos contratos que en virtude do presente convenio den lugar, suporá a existencia dunha relación funcionarial ou laboral entre a administración e o contratista.

COGAMI cuidará especialmente o cumprimento desta obriga, incluíndo nos contratos



consecuencia do presente convenio referencia expresa aos seguintes extremos:



- a) Que á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da Xunta de Galicia.
- b) Que o persoal adscrito a execución do contrato dependerá exclusivamente de COGAMI, a cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Conselleira de Política Social de todo allea ás referidas relacións. En ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Conselleira de Política Social nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o contrarista e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.
- c) Que de acordo a plantilla prevista no punto 1 do apartado tres desta cláusula, COGAMI disporá en todo momento do persoal necesario e axeitado para a execución das accións a executar en virtude do presente convenio, nos termos contractuais e legalmente establecidos.

CUARTA: Resultados obtidos coa colaboración

Durante os 4 anos de duración da experiencia a desenvolver con este proxecto aplicaranse as técnicas, protocolos, metodoloxías e terapias existentes novidosas descritas no apartado anterior das cales obteranse os datos do seu resultado na evolución da persoa. Recompilaranse datos das características da persoa, dos obxectivos do tratamento, da intervención realizada, da metodoloxía aplicada e dos resultados da mesma.

Estes datos serán incorporados a un arquivo dixital dentro do historial de traballo coa persoa cunha metodoloxía que permita posteriormente extraer os datos para o seu estudo e establecer estatísticas cos resultados co obxectivo de identificar aqueles procedementos e/ou terapias con máis éxito e repercusión na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade en situación de dependencia que servirán de referencia para o desenvolvemento de novos servizos da carteira de servizos comúns de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal para o colectivo de persoas con discapacidade.

Os datos introducidos no mencionado arquivo serán tratados segundo o establecido na normativa vixente en materia de protección de datos, informándolle á persoa e solicitando o seu consentimento expreso en relación ás actuacións a realizar cos mesmos dentro do proxecto.



Unha vez elaborados os traballos estes pasarán a ser copropiedade da Xunta de Galicia e de COGAMI. Sen perxuízo do anterior, COGAMI non poderá difundir ningún dato que de estes se derive sen a previa aprobación da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a Xunta de Galicia sempre que utilice os resultados da experiencia na elaboración de normas así como en calquera publicación oficial, deberá facer constar a fonte de procedencia.



Tendo en conta que os resultados obtidos tras a finalización da experiencia, son susceptibles de producir efectos en exercicios futuros, os gastos nos que se incorra no desenvolvemento da presente actuación terán a consideración de gasto real de carácter inmaterial.

QUINTA: Obrigas de COGAMI.

Con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver COGAMI achegou declaración responsable, de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na execución do proxecto COGAMI , queda obrigado a :

- a) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta colaboración..
- b) Presentar perante a Consellería de Política xustificación acreditativa da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determina o obxecto da colaboración.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política social, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle a Consellería de Política Social a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos



debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio: "Cofinanciado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social ", co seu respectivo logotipo.
- h) Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA: Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio establécese un orzamento total de 2.683.170,28 € nos que COGAMI participará na contía 916.623,36 € a Consellería de Política Social achegará 1.766.546,92 € que serán imputados á aplicación orzamentaria **12.04.312D.640.0 (código de proxecto 2018.46)** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2018 a 2022, de acordo aos gastos que se especifican no ANEXO II e co seguinte detalle por anualidades:


12.04.312D.640.0

Ano 2018	110.409,18 €
Ano 2019	441.636,73 €
Ano 2020.....	441.636,73 €
Ano 2021.....	441.636,73 €
Ano 2022.....	331.227,55 €

O cálculo das contías do presente orzamento de gastos así como os criterios de participación das entidades, se detallan na memoria económica que se adxunta ao presente instrumento.

SETIMA: Gastos aplicables ao obxecto do convenio

O importe do orzamento descrito na cláusula anterior destinarase a cubrir os gastos






efectivamente realizados a partir da data de sinatura do presente convenio de colaboración, relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira.

En ningún caso o custo de adquisición poderá ser superior ao valor do mercado.

Os gastos aplicables ao obxecto do convenio serán os gastos directos da actividade, tendo tal consideración os que a continuación se detallan:

- I. Gastos de persoal: Inclúense neste apartado os gastos relativos ao persoal de atención directa que integra o equipo multidisciplinar, e do persoal de xestión e servizos básicos necesarios para a execución da experiencia, nos que se integran os custes salariais e de seguridade social ata un límite de 42.000 euros anuais por traballador a xornada completa. As retribución acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.
- II. Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio. Os gastos de desprazamento deberán axustarse a tarifas de transporte económicas, para as axudas de custo deberán tomarse como referencia as establecidas para a administración pública. Así mesmo na fase de xustificación deberán recollerse os motivos da viaxe e o lugar de reunión.
- III. Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto do convenio; estes deberán ser moderados, podendo requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.
- IV. Gastos de conservación e mantemento, subministracións, servizos alleos, gastos administrativos e de xestión necesarios para a realización da experiencia conveniada así como o gasto da auditoría anual previsto na cláusula novena deste convenio.
- V. Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas participantes directas nas actividades.
- VI. Subcontratación: Poderá ser obxecto de subcontratación a execución parcial do proxecto, nos termos establecidos na presente cláusula, sempre que COGAMI acade previamente a súa autorización pola Dirección Xeral de Maiores e persoas con Discapacidade



Para este caso deberá remitir solicitude motivada, xustificando a súa necesidade.

Considéranse subcontratacións as accións contratadas a terceiros por COGAMI, que supoñan a execución total ou parcial dunha ou varias das intervencións previstas nas áreas incluídas no programa de actuación establecido na cláusula segunda.

Será obrigatorio a subscripción dun contrato entre COGAMI e a entidade subcontratista, que deberá recoller como mínimo os seguintes contidos: Obxecto da contratación, descrición da/s intervencións a realizar das descritas na cláusula segunda, data do inicio e duración total, identificación do persoal participante, que deberá contar cun perfil de titulación análogo ao previsto na cláusula terceira e orzamento así como a aptitude da entidade para executar o seu obxecto e a acreditación de que no se atopa incurso en prohibición de contratar.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade non lle acheguen valor engadido ao seu contido. Para tal efecto, considerarase que a subcontratación incrementa o custo da actividade se o custo hora do persoal que a desenvolva excede do custo hora das retribucións salariais establecidas no ANEXO II en cada perfil profesional, para un máximo de 1.720 horas para un período de 12 meses.


A factura emitida para xustificar o gasto en subcontratación deberá incluír a desagregación dos conceptos facturados.

O importe das subcontratacións non poderá exceder, no seu conxunto, da porcentaxe do 70 % do importe total do convenio. Para as condicións e requisitos da subcontratación non previstos neste apartado será de aplicación supletoria o establecido no artigo 215 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

OCTAVA: Compatibilidade con calquera tipo de ingreso para a mesma finalidade

O financiamento dos gastos que en virtude deste convenio sexa atendido mediante as achegas da Consellería de Política Social previstas na cláusula sexta é incompatible con calquera outro tipo de financiamento a través de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das dotacións deste proxecto en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que se vai a desenvolver.



NOVENA: Xustificacións

Establecese un sistema de xustificación por fitos tras acadar os obxectivos establecidos para o período consonte ao programa de actuación previsto na cláusula segunda deste convenio e a vista dun informe dos resultados elaborado por COGAMI.

As xustificacións abrangerán un período bimensual e presentaranse no transcurso dos quince días seguintes ao de finalización do período de xustificación a excepción da que inclúa o mes de decembro de cada ano que deberá presentarse con data límite de 30 de decembro. Agás a primeira xustificación cuxa data de inicio se iniciará o primeiro día natural do mes seguinte ao da sinatura deste convenio, para o resto de xustificacións tomarase como data de inicio o día inmediatamente seguinte ao de finalización do período da última xustificación.


Cada xustificación acompañarase dunha relación dos gastos realizados correspondentes ao período xunto cos xustificantes referidos nos apartados seguintes. Adicionalmente vez rematada a totalidade das accións obxecto do convenio, presentaranse unha xustificación final na que se achegará unha relación global de todos os gastos do proxecto acompañada dun informe final de resultados do proxecto, no que se describirá os resultados acadados para cada participante.

Considéranse gastos realizados aqueles, incluídos na relación da cláusula sétima, que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización dos períodos de xustificación previstos nesta cláusula.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados por COGAMI. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibin do provedor.

Para o cumprimento de cada fito, xuntarase a relación de gastos a seguinte documentación:

a) Informe de actuación, xustificativa do cumprimento das obxectivos do proxecto e das accións desenvolvidas en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de beneficiarios en cada actividade e perfís de intervención.



b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento con indicación das desviacións producidas.

Incluirase relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

2º As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e os xustificantes do seu pagamento.

3º Os documentos acreditativos dos gastos de persoal e demais gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no punto 1º.


4º Os documentos acreditativos dos gastos realizados por medio das subcontratacións autorizadas con detalle desagregado dos conceptos facturados

A efectos de proceder á xustificación do custo salarial do convenio, COGAMI deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do obxecto do convenio.
2. Recibos de salarios.
3. Documentos TC2 e TC1 dous traballadores correspondentes ao meses imputados.
4. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar ao proxecto será do 100% do gasto do/a técnico, cando este dedica ao total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións incluídas no convenio; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións previstas. Para ese efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, xuntarase un cálculo xustificativo da imputación



efectuada segundo ou criterio de horas dá actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

Non se poderá imputar as liquidacións, complementos extrasalariais ou indemnización de fin de contrato, as vacacións pagadas, pero non gozadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade, para o caso de substitución do traballador titular serán admitidos os custos que ocasiona ou traballador que substitúe ao traballador titular.

No caso de que non se substitúa ou traballador titular, o importe non aplicado deberá descontarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando ou convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.)

5º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6º Xustificantes do cumprimento da normativa vixente en materia de contratación para o caso das actuacións que, en desenvolvemento deste convenio, este requisito fora preceptivo.

7º Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.


c) Aprobación da relación de gastos polo representante da entidade.

d) Revisión da relación de gastos efectuada por un auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado por COGAMI.

Aportarase o informe da revisión efectuada polo auditor de contas, que se estenderá á totalidade da relación de gastos, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións realizadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como aplicables ao obxecto do convenio especificados no Anexo II, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.

2º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. COGAMI deberá



marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao obxecto do convenio, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nas cláusulas sexta, sétima e oitava deste convenio.

4º Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

5º Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

COGAMI estará obrigado a pór á disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas.


Agás a primeira e derradeira anualidade, cuxas datas de inicio e remate coincidirán coas da sinatura e de final da vixencia do convenio respectivamente, a relación de gastos anual abranguerá o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada exercicio.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada polo representante de COGAMI.

DECIMA: forma de pagamento

Para o aboamento das contías xustificadas previstas na cláusula anterior, COGAMI presentará a documentación xustificativa do gasto do período xunto co informe de cumprimento do fito acadado na Dirección do CEGADI, que revisará a documentación recibida e, de atopala correcta e completa, informará de conformidade e tramitará o pagamento das contías xustificadas, no suposto de non acadar a súa conformidade, este mesmo órgano requirirá a COGAMI para que subsane as deficiencias detectadas concedendo a tales efectos un prazo de dez días naturais.

Con cada pagamento COGAMI deberá comunicar á Dirección do CEGADI a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades deste convenio de colaboración. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación final da aplicación dada aos fondos percibidos.



Sen prexuízo do previsto en relación a gratuidade do proxecto para os beneficiarios seleccionados, se o proxecto subvencionado xerare ingresos como consecuencia de achegas das persoas participantes, taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes, o seu importe será deducido do gasto xustificado en atención aos declarados na solicitude de pagamento. Para o caso de que os ingresos obtidos non se fixeran constar ou fosen superiores aos declarados, a dedución farase ou reaxustarase no momento do pagamento final.

O pagamento efectuarase na conta corrente da que sexa titular COGAMI, nas seguintes condicións:

- a) Os pagamentos efectuados terán a consideración de pagamentos a conta da xustificación anual ou final (pagamentos fraccionados que responden ao ritmo de execución das accións do programa de actuacións previsto en la cláusula segunda) en favor de COGAMI.
- b) No caso de que COGAMI non cumpra coas condicións establecidas neste convenio de colaboración para acadar o financiamento para a execución das accións, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente, dende o momento do pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.


DÉCIMO PRIMEIRA: Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente os importes indebidamente percibidos, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido procedemento previsto na Orde do 27 de decembro de 1990 pola que se regula a tramitación de reintegros de pagamentos indebidos.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, o órgano concedente poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto do convenio, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos admitidos para a xustificación e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o





incumprimento superara o 65% do orzamento do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro e nos Títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA: Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos por prazo de catro anos a contar dende a súa formalización, prevista para o 1 de outubro de 2018, e ata o 30 de setembro de 2022.

DÉCIMO TERCEIRA: Participantes no proxecto

Tendo en conta o carácter experimental do programa consistente no desenvolvemento dun plan integral de actuacións sobre a persoa con discapacidade, a execución do mesmo se dispensará de forma gratuita para os usuarios que sexan seleccionados mediante unha convocatoria pública onde se establecerán os criterios de priorización para o acceso ao proxecto garantindo e no seu desenvolvemento a máxima difusión do proxecto.


Para a selección dos candidatos, terase en conta que a persoa acabe de adquirir unha discapacidade que lle ocasione unha situación de dependencia e/ou que teña unha enfermidade de carácter dexenerativo que a convertan en obxecto deste proxecto de cara a retrasar o máximo a dexeneración física e cognitiva da mesma.

DÉCIMO CARTA Publicidade

As partes asinantes autorizan, coa formalización do presente convenio, a que se inclúan e fagan públicos os datos relativos á achega económica outorgada por medio do presente convenio, así como a que se publiquen estes datos no Diario Oficial de Galicia e na web da Consellería de Política Social, de conformidade coa previsión normativa do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Igualmente as partes asinantes consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións incluídas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



DÉCIMO QUINTA: Protección de datos

No tratamento da información contida nos datos persoais dos participantes no desenvolvemento das accións do presente convenio, as partes que suscriben o presente convenio se someterán ao réxime establecido polo Regulamento (UE)2016/679 , xeral de protección de datos, e polos artigos vixentes da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, coas finalidades de xestión, avaliación, seguimento e estatística.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa de protección de datos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia nos correspondentes formularios.


Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida, os datos identificativos das persoas interesadas poderán ser publicados conforme ao descrito nesta cláusula a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>"

DÉCIMO SEXTA: Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados por COGAMI e dous representantes da Consellería de Política Social, que terá por obxecto supervisar a execución do convenio a súa vixilancia e control do seu cumprimento así como a resolución dos problemas que podan suscitarse en relación coa súa interpretación ou execución.



Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración, reunirase cando así o solicite algunha das partes.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.


DÉCIMO SETIMA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas.

No presente acordo de vontades, no que a administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio, a causa da aportación das partes será a consecución dun fin común.

O carácter experimental do proxecto baseado no desenvolvemento dunha experiencia cuxos resultados servirán de referencia para o desenvolvemento dunha carteira de servizos para o colectivo de persoas con discapacidade permite concluir que o seu obxecto non se atopa incluído no ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, non obstante esta norma aplicárase con carácter supletorio para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse na súa execución.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.



Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.


E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL



Fabiola García Martínez

O VICEPRESIDENTE DE COGAMI



Ramón Sestayo Lestón



ANEXO II: DETALLE DE GASTOS DO PROXECTO

1.GASTOS DE PERSOAL	Efectivos	custo por efectivo	custo hora por efectivo	Total ano (1)
1.1. GASTOS DE PERSOAL DIRECTO	18,5			488.976,49
1.1.1. Fisioterapeuta	3	23.428,26	13,62	70.284,78
1.1.2. Terapeuta ocupacional	2	23.428,26	13,62	46.856,52
1.1.3. Traballadora social	0,5	23.428,26	13,62	11.714,13
1.1.4. Psicólogo, pedagogo e/ou logopeda...	1	31.809,23	18,49	31.809,23
1.1.5. Neuropsicólogo	1	31.809,23	18,49	31.809,23
1.1.6. Profesional de INEF (A. física e dep.)	1	31.809,23	18,49	31.809,23
1.1.7. Persoal de apoio (monitores)	2	21.979,71	12,78	43.959,42
1.1.8. Coidadores	3	17.311,38	10,06	51.934,14
1.1.9. Persoal experto en accesibilidade	1	31.809,23	18,49	31.809,23
1.1.10. Persoal experto en asociacionismo	1	33.398,60	19,42	33.398,60
1.1.11. Persoal de intermediación laboral	1	35.800,70	20,81	35.800,70
1.1.12. Experto en emprendemento soc.	1	35.582,66	20,69	35.582,66
1.1.13. Persoal de formación	1	32.208,62	18,73	32.208,62
1.2. GASTOS DE PERSOAL DE XESTIÓN	1,14			33.848,79
1.2.1. Persoal de prevención	0,19	23.794,53	13,83	4.520,96
1.2.2. Persoal de calidade	0,19	26.254,32	15,26	4.988,32
1.2.3. Persoal de comunicación	0,19	31.809,21	18,49	6.043,75
1.2.4. Persoal de recursos humanos	0,19	31.809,21	18,49	6.043,75
1.2.5. Persoal de mantemento informático	0,19	33.547,58	19,50	6.374,04
1.2.6. Persoal de xestión contable	0,19	30.936,68	17,99	5.877,97
(1) 1720 horas por período de 12 meses				522.825,28

2. GASTOS XERAIS	Total ano	Total proxecto
2.1. Gastos de mantemento da piscina	80.000,00	320.000,00
2.2. Outros gastos xerais: teléfono, internet, material de oficina, gastos de desprazamento, publicidade...	67.967,29	271.869,16
TOTAL ORZAMENTO	147.967,29	591.869,16

